



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NA IGREXA E MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE ROCAS, ESGOS (OURENSE)

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou coa Deputación de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata a data de finalización das obras obxecto do mesmo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Turismo, e a Deputación de Ourense, para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións urxentes de restauración das pinturas murais, así como unha serie de actuacións necesarias para a redacción do Plan Director co obxectivo de establecer o estado de conservación actual e definir as liñas de actuación de cara ó futuro.**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos, as seguintes actuacións: Redacción do Plan Director, que inclúe as redaccións do proxecto arqueolóxico, do proxecto de actuacións urxentes e do proxecto de conservación e posta en valor; execución das escavacións arqueolóxicas, das actuacións urxentes e das actuacións de conservación e posta en valor, así coma os honorarios de dirección de obra (DO), dirección de execución de obra (DEO) e coordinación de seguridade e saúde (CSS). Restauración da pintura mural do arcosolio da igrexa.

Este convenio de colaboración non comporta obrigas financeiras, xa que estas xurdirán coa tramitación do expediente de licitación.

Para o desenvolvemento destas actuacións non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo do mosteiro de San Pedro de Rocas podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais do inmovible ou ás decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego. Esta intervencións tamén están incluídas no Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, dentro da operación *Restauración e mellora de condicións de conservación de elementos singulares integrantes do patrimonio cultural da Ribeira Sacra para a súa difusión e posta en valor*, autorizada o 17 de outubro do 2016 e no seu Anexo do 27 de abril do 2018. Ambas institucións coordinaranse no desenvolvemento dos traballos de investigación que se desenvolvan sobre o mosteiro de San Pedro de Rocas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

